

a volta do mundo dunha gota de auga

Toda a mañá, a gota de auga viviu na superficie dunha folla de carballo. No intre en que o sol comezou a quentar o bosque, a folla quentouse tamén e a gota de auga evaporouse paseniñamente, marchando cara o ceo con outras gotas de auga.

Pero esta gota non quería ser coma as outras. Quería ser única e mantiñase alonxada das outras gotas que se deixaban levar polo vento.

Unha pequena gota que por unha tempada estivera a vivir nun pétalo dunha rosa, preguntoulle por que lle gustaba tanto andar soa. A gota respostoulle que tiña medo de ir coas demais e deixar de ser ela mesma.

A gota máis pequena explicoulle que xuntas poderían formar ríos, converterse en lagoas, ser parte do mar e asemade ser choiva para poder regar as colleitas ou ser oasis nos desertos, onde as caravanas necesitan auga para sobrevivir.

O vento soprou e a gota perdeuse entre as negras nubes deixando en silencio a gota rebelde.

Pasaron os anos e un día a choiva comezou a caer entre os castelos de altas torres dunha vella vila misteriosa. Dentro das ventas escoitouse unha débil voz:

-Ola, ola, amiga!

A gota puido ver unha mancha clara e recoñeceu enseguida a vella gota de auga coa falra moitos anos atrás.

A Gota rebelde estaba moi triste porque neses anos soamente fora cuspe e as lagoas dunha princesa.

A pequena gota compadeceuse dela e díxolle que pronto voltarían as choivas e soplaría o vento e podería volver voar coas súas compañeiras. As súas compañeiras fixéronlle un oco e convertéronse en parte da mesma choiva.

Cando o sol evaporou o charco todas comezaron a elevarse convertidas en vapor de auga.



Resposta:

1. *Quen* é a protagonista da lectura?

2. *Onde* estivo toda a mañá?

3. *Que* aconteceu no intre en que quentou o sol?

4. *Por que* non quería ser coma as outras?

5. *Onde* estivera a vivir a pequena gota?

6. *Que* poderían facer todas as gotas xuntas?

7. *Por que* estaba moi triste a gota rebelde?

8. *Que* pasou cando voltaron as choivas e o vento?


9. *En que* se converteron cando o sol evaporou o charco?

O ciclo da auga

A auga existe na Terra en tres estados :
SÓLIDO, LÍQUIDO e GASEOSO.

	Sólido 
A auga é un elemento natural que tódolos seres vivos necesitamos para vivir. A auga cambia de estado debido á calor e ao frío.	Líquido 
E podemos atopalo na natureza en estes tres estados.	Gaseoso 

Mira o vídeo:



1. Completa.

① Líquido
como a água
dos rios


② Sólido
como
o gelo.

③ Gaseoso como
o vapor das
nuvens

Atividade de completar

	Sólido 
	Líquido 
	Gaseoso 

2. Completa.



Os estados físicos da água

Sólido	Líquido	Gaseoso